

2022

CÓDIGO DE BO GOBERNO



Asociación de Familiares de Enfermos de
Alzheimer e Outras Demencias
Neurodexenerativas (AFA Chantada)

Rúa do Parque, Nº9 Baixo, Chantada, Lugo
27500 // 982462630 //
afachantada@gmail.com

11-1-2022

i. Tabla de contenido

II. AFA Chantada: Misión, Visión e Valores.....	2
III. A AFA CHANTADA COMO ENTIDADE DE DISCAPACIDADE.....	4
IV. ALCANCE DO CÓDIGO DE BO GOBERNO	4
V. PRINCIPIOS XERAIS DE BO GOBERNO NA AFA CHANTADA	5
A. Comportamento ético e profesional.....	5
B. Respecto á legalidade.....	5
C. Transparencia e honradez na xestión	6
D. Igualdade e boa convivencia	7
E. Transparencia e claridade da información e a comunicación	7
F. Conflito de Intereses	8
VI. RECURSOS EXISTENTES	9
A. Recursos humanos.....	9
B. Recursos económicos	9
C. Recursos técnicos e informáticos.....	10
VII. REGLAS XERAIS DE BO GOBERNO	10
A. Protección de datos	10
B. Información normativa.....	10
C. Solicitudes de información.....	10
D. Remisión de Información	11
E. Notificación da resolución.....	11
F. Suxestións.....	11
VIII. RELACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN E AS ENTIDADES COLABORADORAS	12
IX. RELACIÓN ENTRE A AFA E AS ENTIDADES INTERESADAS EN COLABORAR.....	12
X. RELACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN E AS PERSOAS INTERESADAS EN COLABORAR	13

II. AFA Chantada: Misión, Visión e Valores

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Chantada (AFA Chantada), é unha organización de natureza asociativa sen ánimo de fundada o 21 de Novembro de 2004 e cuxa **misión** é mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas e das súas familias a través dunha atención integral baseada en programas e servizos prestados por un equipo multidisciplinar apoiado por familiares e persoas voluntarias.

Tanto dende a dirección como dende as profesionais que conformamos a entidade, as actuacións levadas a cabo sempre son concibidas dende os **valores** compartidos de empatía, igualdade e solidariedade na defensa dos dereitos, a dignidade e a singularidade de cada persoa con Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas, está firmemente comprometida ca mellora da calidade dos servizos e programas que presta.

AFA Chantada ten a **visión** de contribuír ó reto de tratar a enfermidade do Alzheimer e das demencias en xeral e ó aumento da calidade de vida tanto das persoas usuarias como das súas familias. Así mesmo traballamos para ser unha entidade referencial no tratamento e a prevención destas enfermidades no rural galego e máis concretamente da provincia de Lugo. Tamén pretendemos fortalecer a nosa organización con pilares sólidos representativos e transparentes na prestación, deseño e oferta de servizos de calidade.

En canto ós **obxectivos** que nos propoñemos, podemos destacar:

- Promover actuacións destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas con Alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas e as súas familias.
- Reclamarlles ás autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio ás familias e unha atención continuada, integral e interdisciplinar para as persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, así como a creación de centros específicos para a atención de ditas persoas.
- Desenvolver accións e programas de envellecemento activo e saudable, prevención e detección precoz das demencias neurodexenerativas.
- Promover accións e programas para atender ás familias cuidadoras de persoas con Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas en todas as súas dimensións; benestar social, sanidade, dependencia, discapacidade, maiores, igualdade, infancia, educación, xustiza, seguridade e todos aqueles que se detecten no desenvolvemento das actividades da Asociación.

- Fomentar a inclusión social mediante accións e programas con especial referencia a aquelas persoas con enfermidade de Alzheimer ou outras enfermidades neurodexenerativas pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

- Colaborar con outras organizacións semellantes, provinciais, autonómicas, estatais ou doutros países, que participen total ou parcialmente dos fins desta asociación, naquelas cuestións que sexan de interese mutuo.

- Promocionar, desenvolver e difundir actividades de sensibilización respecto dos problemas que estas enfermidades provocan, o seu posible diagnóstico e a terapia das mesmas a través dos medios de comunicación social.

- Favorecer a igualdade e facilitar ferramentas para o empoderamento a promoción e a formación das mulleres rurais, coidadoras e usuarias.

- Visibilizar o papel da muller coidadora e contribuír a unha mellora da súa calidade de vida mediante os diferentes servizos e programas que ofrece a asociación.

- Manter os contactos necesarios coas entidades, organizacións e a comunidade científica, dentro e fora de España, co propósito de estar ó día e estimular os estudos sobre o Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, e o traslado desta información ós familiares.

- Instar ás Administracións Públicas á provisión dos fondos necesarios para o acceso a servizos de calidade por parte das persoas con enfermidade de Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas e ás súas familias.

Así mesmo, a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Chantada fixará anualmente obxectivos de calidade, analizará o cumprimento dos obxectivos fixados e revisará a adecuación e eficacia do Sistema de Xestión de Calidade implantado.

AFA Chantada divulgará esta política para que sexa coñecida por toda-las personas que formen parte da entidade e para que esté a disposición das partes interesadas, en particular, e da sociedade en xeral, como destinataria última da súa finalidade, sendo a nosa responsabilidade e a de todo o persoal que conforma AFA Chantada, o correcto cumprimento e posta en marcha destas directrices.

III. A AFA CHANTADA COMO ENTIDADE DE DISCAPACIDADE

Segundo a Organización Mundial da Saúde, a demencia é un síndrome (xeralmente de natureza crónica ou progresiva) caracterizado polo deterioro da función cognitiva (é dicir, a capacidade para procesar o pensamento), máis alá do que podería considerarse unha consecuencia do envellecemento normal. A demencia afecta á memoria, ó pensamento, á orientación, á comprensión, ó cálculo, á capacidade de aprendizaxe, á linguaxe e ó xuízo. O deterioro da función cognitiva soe ir acompañado polo deterioro do control emocional, o comportamento social ou a motivación.

A demencia é polo tanto, unha das principais causas de discapacidade entre as persoas en todo o mundo que resultar difícil non só para quen a padece, senón tamén para os seus cuidadores e as súas familias.

Segundo a Lei Xeral dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, “a discapacidade é unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, igualdade de condicións coas demais”.

Este concepto permite ver que a clave está na barreira, e por iso, é esencial identificar qué tipo de barreiras imposibilitan ou dificultan a participación das persoas con discapacidade. Unha vez identificadas é cando pode operar o principio de igualdade, non discriminación e de autonomía equiparando situacións e eliminando barreiras.

IV. ALCANCE DO CÓDIGO DE BO GOBERNO

O obxectivo deste documento é orientar o comportamento diario de toda-las persoas que colaboran coa Afachantada, dende a Xunta Directiva, pasando polas profesionais técnicas e as voluntarias e colaboradoras de calquera tipo, establecendo as pautas de conduta que deben dirixir a súa forma de actuar durante o desenvolvemento da súa actividade.

Pretende ser unha ferramenta para actuar dende a transparencia e a rendición de contas, mellorando os procesos de toma de decisións dende a coherencia no exercicio da responsabilidade de forma transversal en toda a asociación.

Dada a diversidade de situacións e circunstancias derivadas da actividade diaria, será a Xunta directiva (cuxo funcionamento regulan os estatutos vixentes) o que determinará o modo de aplicación deste Código de Bo Goberno, así como as sancións que, no seu caso, tiveran que aplicarse polo incumprimento do mesmo, polo tanto, as decisións tomadas pola Xunta Directiva neste sentido, deberán ser consideradas como desenvolvemento deste Código de Bo Goberno e consecuentemente, deberán

ser respectadas e acatadas polas persoas que traballen, colaboren ou participen dalgún modo coa asociación.

Este documento non pretende abarcar todas as situación que se poidan presentar, pero si recompilar as pautas de comportamento de obrigado cumprimento no desempeño do traballo da asociación, así como o desenvolvemento das funcións e da participación xeral de todos os membros da Xunta Directiva, as profesionais técnicas, voluntarias, usuarias e colaboradoras da mesma.

v. PRINCIPIOS XERAIS DE BO GOBERNO NA AFA CHANTADA

A transparencia e o bo goberno son inherentes á razón de ser das organizacións, pero deben articularse e levarse á práctica concretando os principios que deben rexer a actuación da Asociación.

A. Comportamento ético e profesional

Os membros da Xunta directiva, as profesionais técnicas, voluntarias e colaboradoras da Asociación, deberán comportarse dacordo ós principios de lealdade da Federación e de boa fe, tanto nas súas relacións internas coma nas súas relacións con interlocutoras externas á mesma. A súa conduta deberá basearse en todo momento nos valores da Asociación e deberá estar sempre orientada á consecución do interese xeral e o cumprimento dos seus obxectivos, velando polos fins da mesma.

B. Respecto á legalidade

A asociación respecta a dignidade persoal e o dereito de toda persoa, polo que se compromete a cumprir fiel e respectuosamente con todas as obrigas legais ás que esté suxeita, neste sentido, a Xunta directiva, as profesionais técnicas, voluntarias, usuarias e colaboradoras deberán cumprir estritamente coas leis, evitando calquera conduta, que aínda sen violar a lei, poda perxudicar á reputación da Asociación ante a comunidade e calquera organismo público ou privado e/ou poda producir consecuencias adversas para as súas actividades e/ou imaxe.

Ningún membro da Xunta directiva, das profesionais técnicas, voluntarias, usuarias ou colaboradoras incorrerá nin colaborará conscientemente con terceiros, na violación dalgunha lei, nin participará en actuacións que comprometan o respecto ó principio de legalidade.

Calquera dúbida que poida xurdir sobre a interpretación e a aplicación da lexislación vixente en relación de calquera cuestión que poida afectar directa ou indirectamente á asociación, consultarase coa Xunta directiva.

C. Transparencia e honradez na xestión

Seguindo o principio de ausencia de ánimo de lucro, as dirixentes da Asociación velarán para que ningún, nin de ningunha forma posible, poida utilizar con interese de lucro persoal os recursos económicos que se manexen na mesma.

A Xunta directiva, as profesionais técnicas voluntarias da Asociación, non poderán aceptar regalos, servizos, pagos en metálico ou outra clase de favor de ningunha persoa ou entidade que poidan afectar a súa obxectividade ou influír nunha relación comercial, profesional ou administrativa.

De igual forma, non poderán ofrecer regalos, servizos ou calquera outra clase de favor ás persoas que interveñan na asociación ou participen nas súas actividades, e en particular, as persoas que componen a Xunta directiva, as profesionais técnicas da asociación ou calquera outra persoa ou entidade que manteña ou poida manter relacións coa Asociación, co obxecto de influír ilicitamente en devanditas relacións.

A efectos da aplicación desta norma, serán considerados regalos ou atencións permitidos aqueles que cumpran os seguintes requisitos:

- Que non sexan contrarios aos valores de ética e transparencia promovidos pola asociación.
- Que non prexudiquen a imaxe da asociación.
- Que sexan entregados ou recibidos en virtude dunha práctica comercial ou uso social de cortesía xeralmente aceptado, ou consistan en obxectos ou atencións con un valor simbólico ou economicamente irrelevante.

Se o valor excedese estas normas permitidas e o receptor se vira obrigado a aceptar o devandito regalo para non ofender ó doador, ou non comprometer a relación deste coa Asociación, aceptarase informando ó donante que o regalo farase chegar á Xunta directiva para o seu rexistro e consecuente uso.

D. Igualdade e boa convivencia

As persoas que conforman a Xunta directiva, as profesionais técnicas, voluntarias e colaboradoras da asociación, deberán tratarse con respecto, propiciando un ambiente de traballo cómodo, saudable e seguro, absténdose de empregar calquera conducta que sexa agravante ou que supoña algún tipo de discriminación por motivos de raza, relixión, política, orientación sexual, nacionalidade, lingua, sexo, estado civil, idade ou discapacidade.

Non se incorrerá baixo ningunha circunstancia en condutas de acoso sexual, abuso de autoridade, ofensa ou outra forma de agresividade ou hostilidade física ou verbal, que propicien un clima de intimidación ou de malestar e/ou enfrontamento.

E. Transparencia e claridade da información e a comunicación

A Asociación considera a transparencia na información como un principio xeral que debe rexer a súa actuación, en particular, garantírase que a información que se comunique aos distintos interlocutores da Asociación, sexa veraz e sexa comunicada cumprindo cos prazos e requisitos establecidos nas normas aplicables e principios xerais de funcionamento e de bo goberno.

Así, aplicarase o principio de transparencia:

- Na elección dos cargos e os órganos de goberno
- Na elección das mulleres e homes que representan á Federación Alzheimer Galicia en institucións e organismos externos á entidade
- Na acción política e na xestión.

A transparencia e a veracidade da información serán tamén de aplicación na comunicación interna. Todas as persoas que integran ou participan nas actividades da Asociación e, en particular, a Xunta directiva e as profesionais técnicas, comprométese a comunicar a información de forma veraz, en ningún caso integrarán información incorrecta, incompleta ou inexacta de forma premeditada, que puidera confundir á persoa que a recibe.

Deberase manter puntualmente informados ás beneficiarias de todas as actividades realizadas na Asociación, que estarán sempre encamiñadas á consecución do seu fin social. Neste sentido, a Asociación publicará periodicamente boletíns coas últimas novas de interese e manterá actualizados os contidos da web e das redes sociais

Seguindo este principio, publicarase e será accesible a toda a sociedade interesada a seguinte información:

- Composición do órgano de goberno (nome, cargo, funcións e descrición da súa traxectoria).
- Organigrama e nomes dos principais responsables da estrutura executiva.
- Estatutos.
- Misión, visión, valores e obxectivos da entidade.
- Información sobre a evolución histórica da organización, contendo o ano de constitución, motivación e fundadores.
- Persoas contratadas na organización.
- Colaboradores e persoal voluntario.
- Entidades membro.
- Redes ou Confederacións ás que pertence a entidade.
- Financiadores públicos e privados.
- Convenios subscritos, subvencións públicas recibidas con indicación do seu importe, obxectivos e beneficiarios.
- Orzamento, con descrición das partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Contas anuais da entidade.
- Memoria de actividades anual.

F. Conflito de Intereses

As persoas que conforman a Xunta directiva, as profesionais técnicas, usuarias, voluntarias e colaboradoras da Asociación actuarán sempre en función dos mellores intereses para a mesma e so poderán participar noutras actividades ás que desenvolve para a asociación, sempre que sexan legais e non entren en colisión coa misión e intereses da mesma.

As persoas que conforman a Xunta directiva, as profesionais técnicas, da Asociación deberán evitar situacións que puideran dar lugar a conflitos entre os intereses persoais e os da Asociación, absténdose de representar á Asociación ou tomar decisións en calquera situación na que elas mesmas, un familiar ou calquera persoa física ou xurídica vinculada a eles, tivera ou puidera ter un interese persoal.

VI. RECURSOS EXISTENTES

A. Recursos humanos

As profesionais e voluntarias da Asociación deberán centrar o seu labor, entendido como un servizo á comunidade, á persoa con algunha demencia e á súa familia. O referente último da súa actuación será a mellora da calidade de vida destas persoas.

A Asociación adoptará en todo momento as medidas necesarias para regularizar os procesos de contratación de persoal, preservando a claridade, transparencia e a imparcialidade, evitando situacións de nepotismo, discriminación ou exclusión por razón de raza, sexo, nacionalidade ou relixión e velará para que non se desenvolvan condutas que propicien un clima de malestar ou enfrontamento.

As profesionais manterán unha actitude permanente de responsabilidade, de cooperación e de traballo en equipo cas demais profesionais, procurando manter unha mentalidade aberta cara a innovación, facendo propostas e aceptando as dos demais para mellorar constantemente.

A Asociación promoverá a participación do voluntariado nas súas actividades, velando polo recoñecemento do traballo altruísta dos mesmos. Terase sempre claramente definidas as relacións co persoal voluntario, establecendo condicións e respectando os dereitos das mesmas.

A Xunta directiva velará pola correcta coordinación das funcións realizadas polas profesionais técnicas, voluntarias e colaboradoras, a fin de garantir a máxima calidade, eficiencia e os mellores resultados en todas as actividades desenvolvidas pola Asociación. De igual modo, promoverase a formación continua do seu persoal laboral e voluntario.

Serán públicos os datos referidos ao número total de persoas ao servizo da Asociación.

B. Recursos económicos

A administración e disposición do patrimonio da Asociación, así como a aplicación dos recursos dan mesma levarase a cabo de conformidade coa regulación establecida nos Estatutos.

A Asociación fará público anualmente, o balance de situación e a conta de resultados, reflectindo a captación de fondos e a distribución de gastos. Todas as actividades de captación de fondos deberán reflectir de maneira fiel os obxectivos e a realidade da Asociación e evitar mensaxes enganosos.

C. Recursos técnicos e informáticos

Garantirase o bo uso tanto da información como dos medios técnicos propiedade da Asociación. Esta proveerá nas súas profesionais técnicas e colaboradoras duns determinados medios técnicos e informáticos, instrumentos de traballo propiedade da Asociación que garantirá a rapidez e a eficacia na prestación dos seus servizos.

Cada profesional, disporá dunha clave de identificación e un contrasinal único que non deberían ser comunicadas a terceiras persoas.

Calquera uso de datos de carácter persoal para actividades diferentes das que xustificaron a súa obtención, aterase o réxime sancionador da Lei de protección de datos vixente. En relación coas bases de datos rexistradas pola Asociación, dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos de carácter persoal poderán exercerse mediante comunicación da Xunta directiva da Asociación.

vii. REGLAS XERAIS DE BO GOBERNO

A. Protección de datos

Tal e como consta no punto anterior, cando a asociación manexe datos persoais respectará os contidos da Lei Orgánica de Protección de Datos no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal e a libre circulación destes datos. En particular, evitará o tratamento destes datos persoais con fins non xustificados ou a transmisión de tales datos a terceiros non autorizados.

B. Información normativa

A Asociación realizará as xestións necesarias para que tanto a xunta directiva como as profesionais técnicas e outros grupos de interese poidan acceder (a través da páxina web ou de calquera outro medio) ó coñecemento público e gratuíto das cuestións aprobadas pola xunta directiva.

C. Solicitudes de información

A área de Administración e Traballo Social, facilitará a toda aquela persoa ou entidade interesada, a información solicitada sobre aspectos das súas actividades que poidan incidir sobre os seus dereitos e intereses. A información que se comunique deberá ser, na medida do posible, clara e comprensible.

No caso de que unha solicitude oral de información sexa demasiado complicada ou demasiado extensa para ser tratada, indicárase ao solicitante que se formule a súa petición por escrito. Toda solicitude de información por escrito, deberá de ser contestada no prazo máis breve e razoable posible.

No caso de que a asociación non poida revelar a información solicitada, indicárase ao solicitante os motivos.

D. Remisión de Información

No caso de que se dirixa unha solicitude de información a un área ou persoa que non sexa da súa competencia, o receptor da mesma garantirá que o expediente en cuestión se remita á área ou persoa competente sen demoras. O feito anterior será posta en coñecemento do solicitante e indicárase o nome da área e da persoa competente.

E. Notificación da resolución

A área de Administración e Traballo Social realizará, con pleno respecto aos dereitos das asociacións federadas, as xestións administrativas que considere necesario para garantir que calquera decisión que afecte aos dereitos e intereses das asociacións chegue ao seu coñecemento por escrito.

A área ou persoa da oficina técnica obrigada da notificación absterase de notificar a decisión a outras instancias externas antes de que a asociación fora informada previamente.

F. Suxestións

Tanto a Xunta directiva como as profesionais técnicas, están abertos á presentación a través do seu correo electrónico corporativo ou a través de chamadas telefónicas, das suxestións que calquera persoa ou entidade consideren oportunas para a mellora dos servizos prestados pola Asociación.

VIII. RELACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN E AS ENTIDADES COLABORADORAS

Co fin de facer cumprir a misión e os obxectivos da Asociación, cada entidade colaboradora deberá:

- a. Participar activa e efectivamente nos fins da Asociación.
- b. Contribuír ao pagamento dos gastos orixinados mediante o aboamento das cotas que se establezan.
- c. Acatar e cumprir os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos reitores da Asociación.

Así mesmo, cada entidade colaboradora ten dereito a:

1. Participar activa e efectivamente nos fins da Asociación.
2. Contribuír ao pagamento dos gastos orixinados mediante o aboamento das cotas que se establezan.
3. Acatar e cumprir os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos reitores da Asociación.

Do mesmo xeito a Asociación deberá adoptar unha normas de actuación e funcionamento con respecto ás entidades asociadas tales como:

1. Exercer un seguimento adecuado en canto a actividade da asociación.
2. Apoiar a cada entidade na resolución de conflitos, cando o devandito apoio sexa requirido ou demandado.
3. Facer chegar a todas as entidades a información elaborada pola Xunta directiva.
4. Garantir a participación das entidades na asociación
5. Facilitar e fomentar a necesaria intercomunicación entre as entidades e a AFA

IX. RELACIÓN ENTRE A AFA E AS ENTIDADES INTERESADAS EN COLABORAR

A Asociación debe ter en conta tamén aquelas asociacións locais que mostran interese por colaborar nun momento determinado. Nestes casos, a Asociación debe:

- Establecer uns criterios de admisión como entidade colaboradora.
- Comprobar a veracidade das informacións recibidas na petición de colaboración, comprobando que a entidade cumpre con todos os requisitos establecidos.

- Facilitar a incorporación das novas entidades, ofrecendo información sobre os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e do Código de Bo Goberno da Asociación.

x. RELACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN E AS PERSOAS INTERESADAS EN COLABORAR

Desde a AFA Chantada seguindo a súa misión e os seus valores, é coñecedora da importancia das relacións coa comunidade e as persoas. Deste xeito a Asociación debe:

- Fomentar a comunicación entre as entidades públicas e privadas.
- Dar a coñecer as novas da Asociación.
- Transparencia, veracidade e bo uso da información.
- Emprego de canles e formatos actuais como as redes sociais.
- Relación de reciprocidade e boas formas ca información recibida e solicitada en tempo e forma.

A AFA Chantada camiña na procura da excelencia e de bo goberno o cal fomentará unha comunicación de boas prácticas entre todos os seus membros e entidades e persoas colaboradoras, rexeitando toda aquela que vai en contra da filosofía e valores da asociación.

Tanto no emprego das novas tecnoloxías de información, medios tradicionais, así como nas relacións cas institucións, cos medios e familias a federación manterá unha comunicación responsable, imparcial, evitando situacións de nepotismo, discriminación ou exclusión por razón de raza, sexo, nacionalidade ou relixión e velará para que nonse desenvolvan condutas que propicien un clima de malestar ou enfrontamento.